

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15013591	CEIP Plurilingüe Santa María	As Pontes de García Rodríguez	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	5
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	6
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	8
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	8
o) Outros apartados	8

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permítan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
 - b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
 - c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
 - d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
 - e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
 - f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
 - g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
 - h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
 - i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
 - j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais
 - k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
 - l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
 - m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
 - n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico
 - ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Estes obxectivos, serán adaptados ao contexto do centro.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deseñaranse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

Desde o centro, a principal característica para desenvolver actividades será que permitan traballar unha ou máis competencias e se integren no resto de elementos curriculares.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os elementos transversais, incorpóranse a través das diferentes áreas e tamén nas diversas actividades complementarias realizadas no centro. As actividades realizadas estarán adaptadas ás características e necesidades do alumnado ao que van destinadas sendo variadas e motivantes.

Principalmente promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito

Evitaranse comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón de orientación sexual, o da identidade de xénero. Asimismo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista nos termos establecidos legalmente.

Tamén se fomentará o espírito emprendedor, iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das áreas.

O centro dedicará un tempo diario de lectura e práctica da oratoria, tal e como recolle a normativa, durante 20 minutos ao día despois do recreo, esta parte aparece integrada no horario nas áreas que corresponden en cada curso.

En canto ao tempo adicado a proxectos significativos e resolución colaborativa de problemas, con carácter xeral levarase a cabo a nivel de centro, vencellado coa temática da biblioteca e traballando as diversas conmemoracións recollidas no calendario escolar. En calquera caso, os titores e titoras de cada grupo, tamén poderán traballar a nivel de grupo/ciclo, principalmente nas áreas científicas.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Os materiais e recursos didácticos serán os libros de texto, os ordenadores nos cursos de 5º e 6º (E-dixgal). Empregaranse tamén os recursos dixitais aportados polas diferentes editoriais. Reforzaranse os contidos con materiais manipulativos, material fotocopiado e recursos da Biblioteca do centro, do ximnasio...

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No centro non hai optativas

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias deseñaranse tanto para lograr os obxectivos das diferentes áreas como para contribuir na adquisición das competencias. Tamén se realizarán actividades complementarias relacionadas cos elementos transversais e coas diferentes conmemoracións propostas na Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/2024.

Moitas das actividades complementarias terán relación coa temática da biblioteca do centro.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que promocióne con materias suspensas seguirá un plan que recollerá, cando menos:

- Áreas nas que ten necesidade de reforzo ou recuperación.
- Dificultades que presenta o alumno/a.
- Aspectos que precisan ser reforzados.
- Plan de traballo detallado por trimestres.
- Orientacións metodolóxicas.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O documento elaborado para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, realizarase seguindo as directrices da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Os criterios xerais para a avaliación do alumnado levaranse a cabo tomando como referencia as pautas marcadas no texto consolidado LOE-LOMLOE e na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, pola que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e a Orde do 30 de maio de 2023, pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias, do logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e os obxectivos de área

- Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- Estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración a relación das mesmas cos obxectivos e cos demais elementos curriculares.

- A promoción en 1º, 3º e 5º de primaria é automática.

- Nos cursos de 2º, 4º e 6º e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado

titor.

-Criterios de promoción:

Promocionan:

- Os/as alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as áreas e acaden ao nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- Os/as alumnos/as que obteñan cualificacións positivas en todas as áreas e non acaden o nivel de adquisición esperado nunha competencia clave.
- Os/as alumnos/as que non superen unha ou dúas áreas, pero acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.
- Os/as alumnos/as que obteñan cualificación negativa en dúas áreas, sempre que non coincidan dúas linguas (galego, castelán ou inglés) ou unha lingua é matemáticas, e sempre que acaden o nivel de adquisición esperado en todas as competencias clave.

Non promocionan:

- Os/as alumnos/as que obteñan cualificación negativa en tres ou máis áreas sen necesidade de que sexan as de linguas ou matemáticas.
- Os/as alumnos/as que obteñan cualificación negativa en dúas áreas lingüísticas (galego, castelán ou inglés) ou nunha área lingüística e matemáticas.
- Os/as alumnos/as que non acaden o nivel de adquisición esperado na competencia lingüística e na matemática.
- Os/as alumnos/as que non acaden o nivel de adquisición esperado en tres ou máis competencias, sexan cales sexan.

Decisión do equipo docente: naqueles casos que non estean contemplados claramente en ningún dos apartados anteriores, será o equipo docente, de xeito colexiado, quen decida sobre a promoción, tendo en especial consideración a información e criterio da persoa titora.

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A nivel lexislativo, actualmente, non se recollen pautas concretas para o outorgamento das matrículas de honra, no noso centro decidimos:

Que o alumnado que superase todas as áreas da etapa e obtivese sobresaliente ao rematar a Educación Primaria e demostre un rendemento académico excelente, o equipo docente poderá propoñer o outorgamento da mención honorífica, de ser o caso.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O criterio xeral para a elaboración das programacións é a adecuación da mesma á lexislación vixente no momento da súa realización, así como a súa adecuación ao alumnado ao que vai dirixida.

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso. Ademais, o profesorado tamén dará conta, con frecuencia mensual, nas reunións dos equipos de ciclo do grao de cumprimento das programacións didácticas respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación ou mellora.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da

programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

Á hora de levar a cabo a avaliación dos programacións didácticas, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados a continuación. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

Os indicadores son os seguintes:

- a) Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención a diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Estes indicadores de logro recollidos na lexislación contextualizaranse no centro, sendo os seguintes:

- Funcionalidade da programación.
- Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
- Actividades adecuadas.
- Estilo de ensinanza.
- Rol do docente.
- Temporalización.
- Organización dos recursos materiais.
- Medidas de atención á diversidade.
- Motivación do alumnado.
- Procedementos de avaliación.

O modelo para a realización das programacións didácticas é o proporcionado pola aplicación PROENS como figura a continuación:

1. Introducción
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias
3. Unidades Didácticas
 - 3.1. Relación de unidades didácticas
 - 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas
 - 3.3. Avaliación das unidades didácticas
4. Metodoloxía
 - 4.1. Concrecións metodolóxicas
 - 4.2. Materiais e recursos didácticos
5. Avaliación
 - 5.1. Procedemento para a avaliación inicial
 - 5.2. Criterios de cualificación e recuperación
 - 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
 - 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
6. Medidas de atención á diversidade
7. Transversais
 - 7.1. Concreción dos elementos transversais
 - 7.2. Actividades complementarias
8. Práctica Docente
 - * 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro
 - * 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora
9. Outros apartados
10. Anexos
 - 10.1. Distribución CA por UD
 - 10.2. Distribución CA por UD
 - 10.3. Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios establecidos serán:

-Dispoñibilidade do profesorado.

-Necesidades do centro

-Relación dos plans e proxectos coa temática e metodoloxía de traballo do centro.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Finalizado o curso, a través da memoria final valorarase o grao de consecución dos obxectivos do centro e tamén da operatividade das medidas recollidas na concreción curricular.

Unha vez valorados eses resultados e analizados, procederase a manter ou modificar aqueles aspectos que se considere de cara ao vindeiro curso.

o) Outros apartados

1.